

# PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

## IES RAMÓN OTERO PEDRAYO

Abril 2017

1.	Introducción.....	2
2.	Marco normativo .....	2
3.	Xustificación.....	3
4.	Necesidades do centro derivadas da súa diversidade.....	4
5.	Obxectivos para a atención á diversidade.....	7
6.	Medidas e programas para a atención á diversidade.....	8
6.1	Materias optativas.....	9
6.2	Ensinanzas de relixión.....	10
6.3	Integración de materias en ámbitos .....	10
6.4	Aula de atención educativa e convivencia.....	10
6.5	Programas de habilidades sociais .....	11
6.6	Desdobramentos .....	11
6.7	Reforzo educativo.....	11
6.8	Programas de reforzo e recuperación .....	11
6.9	Programas específicos personalizados .....	12
6.10	Apoio educativo .....	12
6.11	Adaptación curricular significativa .....	12
6.12	Agrupamentos flexibles.....	13
6.13	Flexibilización .....	14
6.14	Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento .....	14
6.15	Grupos de adquisición das linguas .....	15
6.16	Grupos de adaptación da competencia curricular.....	15
6.17	Escolarización combinada .....	16
7.	Alumnado con necesidade específica de apoio educativo .....	16
7.1	Alumnado con necesidades educativas especiais .....	16
7.2	Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe .....	16
7.3	Alumnado con altas capacidades intelectuais.....	16
7.4	Alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo .....	17
7.5	Alumnado con condicións persoais ou de historial escolar moi desfavorables.....	18
7.6	Escolarización irregular, absentismo, abandono escolar e desescolarización .....	19
7.7	Atención educativa hospitalaria e domiciliaria .....	19
7.8	Outras situacións moi desfavorables.....	20
8.	Criterios para a organización das medidas e distribución dos recursos.....	20
9.	Actuacións e responsables en relación ás medidas deseñadas no plan .....	21
10.	Coordinación interna e cos centros adscritos.....	24
10.1	Acollida de alumnos procedentes dos centros adscritos.....	24
10.2	Recollida de información individualizada .....	24
10.3	Posta en común da información recollida.....	24
10.4	Detección do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.....	24
10.5	Organización dos grupos .....	25
10.6	Organización das medidas de atención á diversidade .....	25
10.7	Seguimento e aplicación polo equipo educativo .....	25
11.	Colaboración coas familias e cos servizos externos ao centro .....	26
12.	Solicitude e autorización das medidas extraordinarias .....	27
12.1	ACS, agrupamentos, apoio e flexibilización .....	27
12.2	Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento .....	27
12.3	Programa de formación profesional básica .....	28
13.	Avaliación e revisión do plan .....	28

## 1. INTRODUCCIÓN

De acordo coa **Ley Orgánica 8/2013**, de 9 de decembro, para a mejora de la calidad educativa, que modifica a **Lei Orgánica 2/2006**, de 3 de maio, de educación, no Capítulo I, do Título Preliminar, artigo 1, o sistema educativo, por ende a educación secundaria obrigatoria, ten como obxectivo a contribución ao logro dos principios que a inspiran, entre outros: A **calidade** da educación para todo o alumnado independente das súas condicións e circunstancias; a **equidade**, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade ao través da educación, a **inclusión** educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación; a **flexibilidade** para adecuar a atención á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado; a **autonomía** por establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares e o esforzo compartido por todos os compoñentes da comunidade educativa.

No título II dedicado a equidade na educación, establece que a administración educativa disporá os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o **máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional**, asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha **atención educativa diferente á ordinaria**, por presentar NEE, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historial escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas o alumnado. Igualmente, dispón que as administracións educativas establecerán os procedementos e recursos precisos para a **identificación temperá das necesidades educativas específicas** deste alumnado, debendo iniciarse a atención integral desde o momento da identificación e tendo como principios a **normalización** e a **inclusión**, e que, para facer efectivo o principio de **igualdade** no dereito á educación, desenvolverán accións de carácter **compensatorio** en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorables, tratando de evitar as desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.

A educación secundaria organízase de a cordo cos principios de educación común e de atencións á diversidade do alumnado. As medidas de atención nesta etapa estarán orientadas a responder as necesidades educativas concretas do alumnado e ao logro dos obxectivos da ESO e a adquisicións as competencias correspondentes e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lles impida alcanzar devanditos obxectivos e competencias e a titulación correspondente.

## 2. MARCO NORMATIVO

### LEXISLACIÓN XERAL

- **Decreto 324/1996, do 26 de xullo**, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG 09/08/1996)
- **Orde 1 de agosto de 1997** pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do ROC (DOG 02/09/1997) → Artigo 71
- **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de Educación (BOE 04/04/06) / **Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro**, para a mellora da calidad educativa (BOE 10/12/2013). → Artigos 22, 27, 30 e 71 a 78
- **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 29/06/2015) → Artigos 7 e do 17 ao 20.
- **Orde do 15 de xuño de 2015**, pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes.(DOG 21/07/2015)

- **Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/07/11) → Artigo 19 e disposición adicional sétima.
- **Decreto 120/1998, do 23 de abril**, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 27/04/98). Corrección de erros (DOG 14/05/98)
- **Orde do 24 de xullo de 1998**, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (DOG 31/07/98)
- **Decreto 79/2010 do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG 25/05/2010) → Artigos 18 e 19

### LEXISLACIÓN ESPECÍFICA

- **Orde do 6 de outubro de 1995** pola que se regulan as *adaptacións do currículo* nas ensinanzas de réxime xeral. (DOG 07/11/95)
- **Orde do 28 de outubro de 1996** pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de *sobredotación intelectual*. (DOG 28/11/96).
- **Orde do 31 de outubro de 1996** pola que se regula a *avaliación psicopedagóxica* dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización. (DOG 19/12/96)
- **Orde do 27 de decembro de 2002** pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais. (DOG 30/01/03)
- **Real Decreto 943/2003, de 18 de xullo**, polo que se regulan as condicións para flexibiliza-la duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente. (BOE 31/07/03).
- **Orde do 20 de febreiro de 2004** pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado *procedente do estranxeiro* (DOG 26/02/2004)
- **Circular 8/2009** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas *medidas de atención á diversidade* para o alumnado de ESO.
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula á *atención á diversidade* do alumnado. (DOG 21/12/2011).
- **Decreto 107/2014, do 4 de setembro**, polo que se regulan aspectos específicos da *formación profesional básica* das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos. (DOG 15/09/2014) Artigo 15
- **Orde do 13 de xullo de 2015** pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o *acceso* e a *admisión* nestas ensinanzas (DOG 22/07/2015) Artigos 10 e 11
- **Orde do 7 de xullo de 2010** validación música ou optativas e exención EF

### 3. XUSTIFICACIÓN

A diversidade é unha realidade social, e como tal, é unha realidade en cada centro educativo, derivada da singularidade física, psíquica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada unha das profesoras e dos profesores, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto. Adecuar a resposta educativa a esta diversidade,

implica unha maior personalización da educación de cada un dos alumnos e alumnas do centro, polo que, a partir do coñecemento das diferentes necesidades educativas, comprende a intervención, os recursos, as medidas e os compromisos que contribúan ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e a súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.

Sendo isto necesario para totalidade do alumnado, o é máis aínda no caso daquel considerado con **necesidade específica de apoio educativo**, por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais ou de historial escolar moi desfavorables.

Compre polo tanto, deseñar e establecer para o centro, un **plan xeral de atención á diversidade**, como documento propio e que implique a toda a comunidade educativa na articulación da **atención educativa á diversidade**, entendendo esta como o conxunto de medidas e accións que teñen a finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Por medio da programación xeral anual, deberán concretarse as actuacións e medidas en propostas curriculares e organizativas que o centro disporá en cada curso académico.

#### **4. NECESIDADES DO CENTRO DERIVADAS DA SÚA DIVERSIDADE**

Da análise dos datos recollidos nos documentos do centro dos últimos cursos, particularmente na memoria xeral anual, memorias do D.O. e proxectos de avaliación e mellora desenvolvementos, podemos extraer as seguintes realidades contextuais do centro:

En canto ao alumnado escolarizado, e como consecuencia dos seus propios factores de tipo sociolóxico e psicopedagóxicos, nos atopamos coas máis diversas tipoloxías referidas ao seu proceso de ensino-aprendizaxe:

- que posúen moi diferentes intereses académicos e profesionais, dende alumnos/as sen motivación polo estudo e que non queren seguir estudando, ata alumnos/as que teñen moi claro que queren continuar os seus estudos, ben en ciclos ou ben en bacharelato.
- con dificultades transitorias de aprendizaxe por diversos factores de índole persoal, familiar e/ou social, con problemas de saúde, cambio de domicilio, dificultades económicas na familia, ruptura familiar etc.
- con un importante atraso escolar, por dificultades específicas da aprendizaxe ou derivado da escasa escolarización, como nos casos de alumnado de etnia xitana e inmigrantes en situación socioeconómica e cultural moi desfavorecida.
- que presentan condicións persoais de discapacidade sensorial motora ou intelectual, particularmente alumnado con discapacidade auditiva, mesmo xordeira, en escolarización combinada e nalgún caso en escolarización totalmente integrada.
- casos concretos con trastornos graves do desenvolvemento.
- con problemas de conduta, e que polo regular, veñen asociados ás problemáticas anteriores.
- que posúen altas capacidades intelectuais, normalmente non diagnosticados como tales e que, simplemente son considerados como moi bos alumnos/as.

O departamento de orientación identificou ou valorou, nos tres últimos cursos, os seguintes casos de necesidades específicas de apoio educativo.

## Plan xeral de atención á diversidade

Diagnostico ou valoración	14-15	15-16	16-17
N.E.E. - Discapacidade	24	7	4
N.E.E. - Trastorno grave de conduta	10	3	9
Altas capacidades	2	4	5
Incorporación tardía ao sistema educativo		3	3
Dificultades específicas de aprendizaxe	25	29	23
Condições persoais ou de historial familiar	1	17	1
Déficit de atención e/ou hiperactividade	9	10	11

En canto a matrícula esta mantense máis o menos estable, co número de unidades que flutúa bastante por estar moi apurada a rateo ou en función dos desdobres aplicados. Os datos de alumnado con **desfase curricular** ou que **repite** tamén flutúa dentro dunhas porcentaxes elevadas, aínda que se albisca unha mellora de ambos parámetros, particularmente na concordancia do nivel cursado coa idade do alumno.

Se consideramos o **alumnado con desfase curricular**, é dicir, que repite ou repetiu unha ou máis veces ao longo da súa escolaridade temos as seguintes porcentaxes:

Desfase curricular	1º	2º	3º	4º	TOTAL
2014-15	46%	51%	43%	41%	<b>46%</b>
2015-16	41%	55%	53%	46%	<b>48%</b>
2016-17	29%	44%	41%	45%	<b>39%</b>

No caso de **alumnado que repite no curso no que está matriculado** temos as seguintes porcentaxes:

Repetidores	1º	2º	3º	4º	TOTAL
2014-15	28%	19%	11%	10%	<b>18%</b>
2015-16	23%	15%	19%	9%	<b>17%</b>
2016-17	14%	11%	17%	0%	<b>11%</b>

Do que podemos extraer que arredor do 40% do alumnado é repetidor (repite ou repetiu algún curso). Compre observar que estas porcentaxes terían que incrementarse segundo o nivel, por facer referencia ao historial de repeticións do alumnado; o feito de que isto non sexa sempre así, obedece ao abandono dos estudos do alumnado que repetiu en algunha ocasión por mor da súa incorporación á FPB. Entre o alumnado matriculado nos tres últimos anos en 4º curso da ESO, temos porcentaxes do 59%, 54% e 55% respectivamente, que titularon ou que poden titular sen ter repetido ningún curso

En canto á diversidade de resultados acadados, consideramos as porcentaxes medias de **promoción/titulación** (obxectivos e competencias acadadas) dos últimos curso, van dende valores lixeiramente superiores ao 60% no 2º curso ata superiores ao 90% en 4º curso.

Promoven/titulan	1º	2º	3º	4º	TOTAL
2013-14	68%	67%	67%	95%	<b>73%</b>
2014-15	78%	62%	75%	74%	<b>72%</b>
2015-16	81%	64%	82%	95%	<b>79%</b>

Estes resultados de **promoción** baixan notoriamente se consideramos exclusivamente o alumnado **que está a repetir curso**, e polo tanto cun programa específico. Obtense un valor medio de promoción non obrigatoria do 32%, con valores extremos do 6% e do 100%, moi dispersos por trátase de cantidades reducidas de alumnos que repiten, aínda que non deixan de ser importantes, pola incidencia na porcentaxe global de promovidos e de recursos empregados.

Promoven/Titulan	1º	2º	3º	4º	TOTAL
2013-14	6%	24%	29%	100%	<b>19%</b>
2014-15	14%	38%	50%	100%	<b>33%</b>
2015-16	32%	40%	47%	100%	<b>44%</b>

## Plan xeral de atención á diversidade

No alumnado con outra medidas de atención á diversidade, os resultados tampouco foron satisfactorios, tanto na superación dos plans de recuperación e reforzo de materias pendentes como nos casos de promoción de alumnado con ACS.

Promoven / Titulan	Materias Pendentes	Alumnado con ACS	PMAR / PDC
2013-14	47%		82%
2014-15	31%		88%
2015-16	34%		90%

En canto aos **recursos materiais** dos que dispón o centro, podemos dicir que contamos coas instalacións e medios suficientes e adecuados para a atención a estes alumnos/as e os edificios e dependencias son accesibles en cadeiras de rodas; non é así en canto a **recursos humanos**, pois aínda que o centro conta entre o persoal docente fixo, con un orientador e un especialista de PT, e doutro especialista PT, normalmente compartido con outro centro, non dispón de ningún outro apoio docente agás, o que presta algún profesor/a con horas dispoñibles, dedicadas ao reforzo das linguas para o alumnado con exención de francés e, nunhas poucas materias, aos plans de recuperación e reforzo. A isto teríamos que engadir un nº de horas moi concretas de apoio de profesorado do CEE Nosa Señora do Rosario para atender ao alumnado con minusvalía auditiva. No referente ao persoal non docente, tivemos o apoio dunha intérprete da lingua de signos e unha coidadora en anos anteriores, aínda que actualmente non son necesarios.

Como valoración das actuacións do centro compre salientar:

- Aprobouse un plan de atención á diversidade no curso 2009-10 que, que foi actualizado despois de dous cursos, no curso 2013-14 potenciando o enfoque de centro, con accións e procedementos preventivos e sistematizados.
- A identificación clara do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo vai máis alá da avaliación inicial e, a miúdo, resulta ambigua na determinación de necesidades e na concreción de medidas axeitadas.
- A transmisión da información e documentación do alumnado que recibimos dos colexios adscritos non se realiza en prazo e en ocasións resulta incompleta, ou a súa recepción non se xestiona axeitadamente. Aínda que se realizaron avances co desenvolvemento do plan de acollida
- A atención ao alumnado con NEE nas aulas de apoio e integración, tarda en organizarse e carece dun rexistro do seguimento e coordinación eficaces.
- Obsérvase falta de coordinación do profesorado e dos departamentos no deseño, aplicación e seguimento das medidas de atención á diversidade que se están a aplicar.
- O alumnado inmigrante e/ou de etnia xitana ou doutras culturas, especialmente aqueles alumnos/as con desfase curricular e/ou descoñecemento da lingua galega dificilmente logran superar as dificultades. Actualmente o alumnado inmigrante nesta situación só pode ser escolarizado nun nivel inferior ao que lle correspondería pola idade.
- Os resultados do alumnado máis desfavorecido social e culturalmente son polo xeral malos, xa que estes responden a falta de hábitos axeitados ao estudo, falta de integración e escasa motivación.
- O alumnado con baixo rendemento escolar non logra superar o déficit instrumental, o que impide que acade os obxectivos e as competencias a través dos canles ordinarios.
- As actitudes disruptivas que xorden polo miúdo da escasa motivación polos estudos e/ou nulas expectativas académicas, concéntranse nun reducido número de alumnos que sen embargo deteriora enormemente a convivencia no centro. Precísase potenciar vías de actuación alternativas e complementarias aos expedientes disciplinarios como programas de habilidades sociais e a aula de atención educativa e de convivencia.
- Existen abondosos casos de familias con falta de compromiso e implicación na educación dos seus fillos, non é casual que, as maiores dificultades residan nas familias de medio socioeconómico

desfavorecido e nos casos de desestruturación familiar. Deseñamos un protocolo de compromisos educativos e de convivencia que non se están a demandar.

- Nos últimos anos non se desenvolveron accións formativas nos campos de atención á diversidade e da mellora da convivencia.

## 5. OBXECTIVOS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A educación secundaria obrigatoria debe combinar o principio dunha educación común para todo o alumnado coa **atención á diversidade**. Porén os centros educativos, adoptarán as medidas **organizativas** e **curriculares** que, de forma flexible, se adecúen ás características do seu alumnado

Deste xeito, a atención á diversidade na educación deberá ser un elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven da discapacidade e que permita o logro dos seguintes **obxectivos xerais**:

- Ofertar unha educación de calidade para todos os alumnos e alumnas, independente das súas circunstancias persoais, físicas, psíquicas, culturais e sociais dentro dun modelo escolar inclusivo, non discriminatorio e compensador das súas necesidades específicas.
- Abordar a atención á diversidade desde un enfoque de centro, preventivo e sistematizado.
- Promover a diversidade como unha oportunidade de enriquecemento educativo, para a formación en valores de tolerancia, colaboración, integración e non discriminación.

Porén o centro establece os seguintes **obxectivos específicos** de atención á diversidade:

- Reducir o abandono do sistema educativo como consecuencia da inadaptación escolar.
- Facilitar os procedementos para o coñecemento das características individuais de cada alumno e alumna referidas a súas capacidades, motivacións, intereses, estilos ou ritmos de aprendizaxe.
- Fixar os procedementos para a súa pronta detección, avaliación e informes do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Mellorar a acción educativa ao alumnado inmigrante e/ou de etnia xitana ou doutras culturas, especialmente a aqueles alumnos/as con desfase curricular e/ou descoñecemento da lingua galega.
- Ofertar unha educación de calidade tamén ao alumnado máis desfavorecido social e culturalmente, deseñando medidas compensatorias de reforzo, orientación e apoio.
- Dar resposta educativa axeitada ao alumnado con baixo rendemento escolar por déficit instrumental, potenciando dentro de cada área metodoloxías variadas e os contidos transversais do currículo.
- Abordar as actitudes disruptivas que xorden da escasa motivación polos estudos e/ou nulas expectativas académicas.
- Optimizar a atención ao alumnado con NEE nas aulas de apoio e integración.

Para o logro dos obxectivos anteriores fixamos as seguintes **actuacións** prioritarias:

- Establecer as **medidas de atención á diversidade** -curriculares e/ou organizativas- que o centro desenvolverá para adecuar a súa resposta educativa á diversidade do alumnado, o seu seguimento e avaliación.
- Garantir a **orientación e o asesoramento** ao alumnado, aos titores e as familias sobre o proceso de ensino-aprendizaxe na procura do éxito nas propostas educativas individualizadas.
- Facilitar a **distribución de recursos**, tanto humanos como materiais e/ou de equipamento, primando a atención do alumno que máis o necesita.
- Unificar as propostas de intervención educativa para cada alumno/a do centro, coordinando as actuacións dos diferentes profesionais.

- Establecer as canles de **participación e coordinación** tanto dentro da propia comunidade educativa como con outros servizos e institucións.
- Mellorar a **coordinación do profesorado** e dos departamentos no deseño, aplicación e seguimento das medidas de atención á diversidade que se apliquen.
- Mellorar a **coordinación cos CEIP adscritos** para facilitar a transmisión da información e documentación do alumnado que recibimos.
- Fomentar a **participación das familias**, na procura dun maior compromiso e implicación na educación dos seus fillos, a través dos canles ordinarios, e doutros programas de intervención que o centro decida.
- Fixar os **protocolos de solicitude e autorización**, de selo caso, de medidas educativas extraordinarias.
- Promover a **formación do profesorado** no eido da atención á diversidade e da mellora da convivencia nos centros.

## 6. MEDIDAS E PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Considerada a atención á diversidade como o **conxunto de medidas e accións** que teñen como **finalidade adecuar a resposta educativa** do centro ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

As **medidas de atención á diversidade** nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente. Teranse en conta as dificultades específicas das rapazas que por razón de xénero e pertenza a determinados colectivos teñan dificultades especiais para rematar a etapa.

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe, o centro deberá poñer en funcionamento as medidas de atención á diversidade que se consideren máis convenientes ás características do seu alumnado e que poderán ser tanto **organizativas** como **curriculares**.

Será tarefa prioritaria da persoa titora e de todo o profesorado implicado a detección temperá das dificultades para, unha vez detectadas, tomar as decisións máis axeitadas para superalas.

O centro, no exercicio da súa autonomía, poderá organizar de modo flexible as ensinanzas adoptar entre outras, as seguintes as medidas de atención á diversidade:

Medidas ordinarias: Todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro e ás características do alumnado; e adoptadas coa finalidade de dar resposta ás diferenzas de competencia curricular, motivación, intereses, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe e para facilitar a consecución de obxectivos e competencias.

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (oferta de **materias optativas**, horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) **Aulas de atención educativa e convivencia** e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

- f) **Desdobramentos** de grupo.
- g) **Reforzo educativo** e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria (RE).
- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas. (RE).
- j) Programas de recuperación. (RE).
- k) Programas específicos personalizados para alumnado repetidor. (RE).
- l) Programas de habilidades sociais.

Medidas extraordinarias: Todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as ordinarias ou por resultaren estas insuficientes.

Para a súa aplicación será necesaria a autorización da dirección, do servizo de inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda e se é o caso, informe xustificativo do correspondente servizo de orientación.

- a) **Adaptacións curriculares** (ACS).
- b) **Agrupamentos flexibles**.
- c) **Apoio** do profesorado especialista en PT e/ou AL, nos grupos ordinarios ou fóra deles.
- d) **Flexibilización** no período de escolarización.
- e) Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR)
- f) Formación profesional básica (FPB)
- g) Atención educativa ao alumnado con dificultades para unha asistencia continuada.
- h) Grupos de adquisición das linguas.
- i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

## 6.1 MATERIAS OPTATIVAS

Para dar resposta á diversidade de intereses, aptitudes, expectativas e necesidades do alumnado, o centro imparte as seguintes **materias de libre configuración do centro (1º e 2º curso) e materias troncais opcionais e específicas elixibles (3º e 4º curso)**

### 1º ESO:

- Investigación e tratamento da información / Programación / Afondamento e reforzo en EF.

### 2º ESO:

- Oratoria / Promoción de estilos de vida saudables

### 3º ESO:

- Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas / académicas
- 2ª L.E. Francés / Cultura clásica

### 4º ESO:

**Materias troncais** (organizadas en 3 itinerarios)

- Itinerario 1: Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas, Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial, Tecnoloxía

- Itinerario 2: Matemáticas orientadas as ensinanzas académicas, Bioloxía e Xeoloxía , Física e Química.
- Itinerario 3: Matemáticas orientadas as ensinanzas académicas, Latín, Economía.

### **Materias específicas**

- Materia 1: Ed. Plástica Visual e Audiovisual / Cultura Clásica / Artes Escénicas e Danza
- Materia 2: Música / Tecnoloxía da Información e Comunicación / 2ª L.E. Francés

O alumnado que opte por cursar a segunda lingua estranxeira en 3º ou 4º curso, sen cursala en anos anteriores, deberá contar coa competencia necesaria para poder seguir a programación correspondente e acadar os obxectivos previstos. Será competencia do departamento didáctico que corresponda avaliar esta circunstancia.

A persoa titora, en colaboración co departamento de orientación, prestaralle toda a información ao alumnado e ás familias, se for preciso, para a elección das materias de cuarto curso que permita conxugar as aptitudes do alumnado coas expectativas do seu futuro inmediato, procurando estimular a continuación dos estudos máis alá da educación secundaria obrigatoria

As ensinanzas destas só poderán ser impartidas se existe un número mínimo de **dez** alumnos e alumnas matriculados. Poderán impartirse con **cinco** no caso das materias de oferta obrigatoria, coa dispoñibilidade de recursos e autorización da Inspección Educativa.

## **6.2 ENSINANZAS DE RELIXIÓN.**

Tal e como establece a disposición adicional terceira do Decreto 86/2015, respecto da ensinanza de relixión, o alumnado maior de idade ou os seus pais, nais ou titores/as legais, se é menor de idade, poderá optar por recibir ou non ensinanzas de relixión. Ao inicio de cada curso manifestarán a súa vontade de recibir ou non ensinanzas de relixión.

Os que opten por recibir ensinanzas de relixión poderán elixir entre as ensinanzas de Relixión católica, ou daqueloutras outras confesións relixiosas a que se refire o punto 2 da disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

## **6.3 INTEGRACIÓN DE MATERIAS EN ÁMBITOS**

Poderase adoptar no 1º curso, está destinada a diminuír o número de profesoras e profesores que interveñen nun mesmo grupo, significará que unha soa persoa deba impartir docencia de máis dunha materia. Deberá respectar, os contidos, os estándares de aprendizaxe avaliábeles e criterios de avaliación de todas as materias que se integran, así como o horario asignado ao conxunto delas; o tratamento para efectos de avaliación, será o mesmo que cando é impartida por separado. Esta integración terá efectos na organización das ensinanzas pero non así nas decisións asociadas á avaliación e a promoción.

## **6.4 AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA**

A aula de atención educativa e convivencia establécese para atender ao alumnado que, pola súa conduta disruptiva, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase e na que, baixo a responsabilidade do profesor de garda, realizará tarefas correspondentes ás aprendizaxes básicas do curso do que proceda.

De vocación inclusiva, pretende substituír o tempo de expulsión do alumnado disruptivo, para que con apoios e formación específica se poida reincorporar á súa propia aula no menor tempo posible.

Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esta aula establecer as tarefas que deba realizar, corrixilas e avalialas.

Os pais, nais ou titores legais do alumnado remitido á aula de atención educativa e convivencia deberán ser informados, en cada ocasión que isto ocorra, indicándoselles a incidencia que o motivou.

## 6.5 PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS

Elaborados polo departamento de orientación

- Programa básico de habilidades sociais incorporado ao **plan de acción tutorial**, con actuacións para o desenvolvemento cognitivo, para o autocoñecemento e a mellora da autoestima, que está destinado a dotar ao alumnado en xeral, de estratexias para comunicarse e enfrontar situacións conflitivas.
- Programa de habilidades sociais para o alumnado que sexa remitido reiteradamente á **aula de atención educativa e convivencia**, coa finalidade de corrixir condutas disruptivas e mellorar a integración no centro educativo..
- Programa de habilidades sociais para o **alumnado sancionado** coa suspensión do dereito de asistencia ao centro, ou a determinadas clases, de vocación inclusiva, coa pretensión de substituír o tempo de expulsión, para que con apoios e formación específica se poida reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

## 6.6 DESDOBRAMENTOS

Dentro da autonomía do centro poderanse organizar desdoblamentos nas materias de **linguas e matemáticas**, realizaranse, de seren necesarios, sempre que o número total de alumnado por grupo supere os 20 alumnos e o centro conte cos recursos necesarios. Procurarase un reparto equilibrado dos alumnos entre os subgrupos mantendo a heteroxeneidade dos mesmos.

Os desdoblamentos nas materias de bioloxía e xeoloxía, física e química e lingua estranxeira, poderanse realizar para grupos de máis de 25 alumnos e por un máximo dunha hora á semana.

## 6.7 REFORZO EDUCATIVO

É unha medida ordinaria que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, secuencia de contidos, formas e instrumentos e avaliación, metodoloxía... Está dirixida ao alumnado que e ao longo da súa escolaridade presente algunha dificultade de aprendizaxe e que con algunha destas modificacións pode seguir o proceso ordinario de ensino.

Son elaboradas polo profesorado da área ou materia na que alumno ou a alumna ten dificultades, co coñecemento do titor/a e do equipo directivo. Son desenvolvidas no contexto escolar ordinario polo profesor/a habitual ou co apoio doutro profesor/a con dispoñibilidade horaria.

O titor ou a titora deberá informar as familias, normalmente despois da avaliación inicial.

Esta medida reflectirase no expediente académico e no historial do alumnado, así como nos correspondentes informes.

Será prioritario nas áreas instrumentais, **lingua castelá e galega e matemáticas**.

## 6.8 PROGRAMAS DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Son programas con asignación horaria, baseados nos mínimos esixibles e que son elaborados polos departamentos conforme a circular 8/2009.

Podemos distinguir entre os **programas de reforzo** establecidos para o alumnado de 1º e 2º da ESO que promova con materias instrumentais non superadas, e os **programas de recuperación** establecidos para o alumnado de 2º da ESO, que promoveu con materias non instrumentais non superadas.

O alumnado dos cursos 1º e 2º que presente claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de lingua, poderá quedar exento de cursar a materia común de segunda lingua estranxeira. Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior coa colaboración do departamento de orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. No seu expediente académico figurará coa mención de **exento/a**.

A competencia da decisión recaerá na dirección do centro, oídas as nais, os pais ou os tutores/as legais do alumnado afectado pola medida. Contará, na medida do posible, coa intervención do profesorado de pedagogía terapéutica e/ou de audición e linguaxe.

A avaliación do aproveitamento do programa corresponde ao profesorado que o imparte e será considerada para a cualificación da materia pendente.

Esta medida reflectirase na documentación do alumnado como reforzo.

### 6.9 PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS

O alumnado repetidor seguirá un **programa específico** personalizado, orientado á superación das dificultades comunicadas polo profesorado titor do curso anterior no **consello orientador** e considerando a información obtida no proceso da avaliación inicial. Son elaborados polos departamentos e deberá incluír actividades de aprendizaxe para realizar semanalmente.

Os programas específicos para o alumnado de 1º e 2º cursos deberán contemplar a posible incorporación a un programa de reforzo/recuperación de existiren, podendo quedar eximido da realización do programa específico.

Corresponde ao profesorado que imparta a área, facer o seguimento de cada alumno na realización das tarefas e informar ao profesorado titor, quen deberá facelo chegar ás familias, para o seu coñecemento e colaboración.

Esta medida reflectirase na documentación do alumnado como reforzo.

### 6.10 APOIO EDUCATIVO

É a intervención dun profesor ou profesora de pedagogía terapéutica dentro e/ou fóra da aula ordinaria para axudar a un alumno ou alumna con dificultades escolares preferentemente nas áreas de lingua e matemáticas.

Destinado ao alumnado que ao longo da súa escolaridade presente un importante desfase no seu nivel de aprendizaxe nas áreas de **lingua e matemáticas**, e a criterio do equipo educativo, despois dunha avaliación psicopedagóxica, necesite dita medida. As familias deberán estar informadas.

Establecerase un horario semanal para a realización dos apoios, segundo as necesidades do alumnado, e sen superar os cinco alumnos/as con atención simultánea. Preveranse reunións entre a xefatura de estudos, orientador/a, PT e tutores/as, unha de coordinación a principio de curso e outras trimestrais para o seguimento e avaliación e, de selo caso, os axustes necesarios na aplicación desta medida.

O titor ou a titora coordinará a acción educativa dos profesionais que interveñan.

Corresponde á dirección a autorización inicial desta medida e a súa inclusión na PXA por medio da concreción anual do PXAD, polo que, de non mediar informe en sentido contrario do servizo de inspección educativa, quedará definitivamente aprobada.

### 6.11 ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA

Trátase dunha medida extraordinaria que consiste en modificar un ou máis elementos prescriptivos do currículo (obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe) e adaptalos ás necesidades educativas dun alumno ou dunha alumna que presente dificultades persoais ou

capacidades excepcionais. A súa finalidade será que o alumno ou a alumna poida acadar o máximo das súas capacidades.

Destinada ao alumnado que, despois dunha avaliación psicopedagóxica, mostre un desfase curricular importante e presente dificultades significativas no seu proceso de aprendizaxe ou, pola contra, cualidades excepcionais que lle impidan seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

A súa elaboración corresponde ao profesorado de cada área ou materia que o precise coa colaboración do departamento didáctico e o asesoramento do/a orientador/a do centro e/ou calquera outro profesional que participe na atención ao/á alumno/a.

O referente para a súa elaboración serán os obxectivos da etapa, segundo a concreción curricular de cada curso. A avaliación do alumno/a farase en función dos criterios da avaliación individualizados establecidos na mesma, sen prexuízo de que aos efectos de promoción e titulación o referente sexan sempre os obxectivos establecidos para a etapa ou curso correspondente.

O seu desenvolvemento realizarase integrado, na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de alumnas de referencia, agás casos excepcionais.

Corresponde ao titor ou a titora a coordinación das actuacións do profesorado do grupo, da orientadora e do profesorado de PT para o deseño, desenvolvemento e avaliacións das ACS.

Partirase dunha avaliación diagnóstica na que se recollerán datos relevantes sobre a situación socio familiar do alumno/a e sobre o seu proceso de aprendizaxe, aportados tanto polo equipo educativo como polo orientador/a ou calquera outro profesional que estea participando na atención ó/á alumno/a.

Realizarase unha reunión coordinada pola xefatura de estudos á que asistirán o/a titor/a, o profesorado que imparte ás áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica, na que se decidirá a conveniencia, unha vez esgotadas outras medidas ordinarias, así como aqueles elementos do currículo que, se é o caso, deberán ser modificados. As familias deberán estar informadas.

A dirección remitirá a proposta ao servizo de inspección educativa para o seu informe e autorización.

Ao finalizar o curso no que se realizou unha ACS, o titor/a, xunto co profesorado que impartiu as áreas adaptadas, oídos os pais ou responsables legais do alumno/a, informarán a pertinencia da promoción, a necesidade dalgunha ACS no curso seguinte e, de selo caso, as liñas xerais da mesma.

Ao alumnado dos cursos primeiro e segundo con dificultades de aprendizaxe e ao que se lle aplique esta medida, recibirá **apoio educativo** naquelas áreas motivo da adaptación curricular.

## 6.12 AGRUPAMENTOS FLEXIBLES

Agrupamento flexible para atender ao alumnado de 1º ou 2º curso que, segundo o criterio do equipo educativo, teña dificultades de aprendizaxe nas materias instrumentais (matemáticas, lingua galega ou lingua castelá) ou nas materias de bioloxía e xeoloxía ou de xeografía e historia.

Nesas áreas, a clase divídese en grupos de carácter transitorio, para poder dar unha atención máis individualizada e adaptada aos alumnos e ás alumnas con máis dificultades e co fin de facilitar a súa integración ao grupo ordinario, sen que en ningún caso supoña discriminación algunha.

Poderán permanecer no agrupamento o 100% do horario desas áreas, non superando o 40% do horario común fora do grupo de referencia, (12-13 períodos lectivos).

O agrupamento non superará os 15 alumnos e o profesorado será preferentemente o mesmo que o do grupo de referencia. Poderanse organizar en **grupos específicos** para facilitar a acción conxunta de agrupamentos flexibles.

As familias deberán estar informadas e require a autorización da inspección educativa. Esta medida queda reflectida no expediente académico e no historial do alumno ou da alumna como reforzo educativo.

### 6.13 FLEXIBILIZACIÓN

É unha medida extraordinaria que consiste na modificación, da duración do período de escolarización nas diferentes etapas educativas, aumentando ou reducindo nun ano o establecido con carácter xeral.

Destinada a alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo derivadas das **necesidades educativas especiais**, da posesión de **altas capacidades intelectuais** ou para o alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo e con desfase curricular.

Por mor da flexibilización nas etapas educativas anteriores, a escolarización deste alumnado na educación secundaria desde a educación primaria, podería realizarse no ano natural no que cumpra desde os dez anos ata os quince anos de idade.

Para acollerse a esta medida é necesaria a autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Educación, previo informe do equipo docente e avaliación psicopedagóxica e informe emitido do departamento de orientación.

Cando, a resultas da avaliación psicopedagóxica, se preveña a posibilidade de flexibilizar o período de escolarización obrigatoria dun alumno/a, manterase informados ao propio alumno/a e, de ser menor de idade ou estar legalmente incapacitado, ós seus pais ou titores legais, que deberán dar a súa conformidade por escrito.

### 6.14 PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO

Trátase dunha medida especial para o alumnado que, tras a oportuna avaliación, precise dunha metodoloxía específica a través dunha organización dos contidos, actividades prácticas e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral, coa finalidade de que estes alumnos poidan alcanzar do primeiro ciclo da ESO, poidan cursar o 4º curso pola vía ordinaria e obteñan e o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Estes programas están dirixidos preferentemente a alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe non imputables á falta de estudo ou esforzo.

Estes programas están organizados arredor de tres ámbitos: lingüístico e social, científico e matemático, e lingua estranxeira, que deberá ser impartido por un único profesor ou profesora. Terán un grupo de referencia co que cursarán determinadas materias.

Cada grupo que integre un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento terá unha persoa titora que se coordinará co titor ou titora do grupo de referencia, así como co resto do profesorado que imparta docencia ao alumnado do programa. Estará designada pola dirección, preferentemente entre as persoas que impartan algún dos ámbitos específicos dos programas coa finalidade de facilitar un mellor seguimento da dinámica do grupo e de que poida contribuír dun xeito especial a emendar as dificultades de aprendizaxe e atender ás necesidades educativas do alumnado.

O número de alumnas e alumnos do programa non poderá ser superior a 10, e con carácter xeral, non menos de 5. Poderanse incorporar aos programas, o alumnado desde o primeiro ou segundo curso da educación secundaria obrigatoria. En todo caso, a súa incorporación requirirá a avaliación tanto académica como a psicopedagóxica a través do informe do equipo docente e do ditame emitido polo departamento de orientación, e logo de oídos o propio alumnado e os seus pais ou as súas nais ou titores legais.

A duración destes programas será de dous anos para o alumnado que se incorpore dende 1º curso que se desenvolverá ao longo dos cursos segundo e terceiro, e de un ano para o alumnado que se incorpore dende 2º ou excepcionalmente dende 3º curso e que se desenvolverá ao longo do terceiro curso.

O horario lectivo semanal do alumnado que segue un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento será de trinta e dúas horas distribuídas segundo o cadro que segue:

<u>Ámbitos e materias:</u>	<u>2º Curso</u>	<u>3º Curso</u>
Ámbito lingüístico e social	9	9
Ámbito científico e matemático	8	8
Ámbito lingua estranxeira: Inglés	3	3
Música	2	3
Tecnoloxía	3	2
PEVS ou Oratoria (2º) / Ed. Plástica, Visual e Audiov.(3º)	1	2
2ª L.E.Francés / Cultura Clásica (3º)	2	2
Educación física	2	2
Relixión ou Valores éticos	1	1
Titoría	1	1

### 6.15 GRUPOS DE ADQUISICIÓN DAS LINGUAS

Son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares, de xeito que posibilite a súa plena incorporación as actividades de aprendizaxe ao curso no que se atope escolarizado.

Está dirixida, polo tanto, ao alumnado estranxeiro que descoñeza completamente ámbalas linguas oficiais de Galicia, e do que poderán formar parte por un máximo dun trimestre, se ben a inspección educativa poderá autorizar a ampliación excepcional deste período.

A incorporación a un grupo de adquisición das linguas será, en todo caso, simultánea á escolarización nos grupos ordinarios, cos cales compartirán o maior tempo posible do horario semanal.

O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición das linguas será de 24 períodos lectivos. Cando menos, permanecerán no grupo de referencia nas materias de educación física, educación plástica e visual, música así como na titoría.

A avaliación das aprendizaxes específicas sobre a lingua será continua e servirá de referente para a toma de decisións sobre o horario de permanencia nos grupos ordinario e de adquisición das linguas.

O titor do grupo ordinario encargarse da coordinación do equipo docente, asesorado, se é o caso, polo departamento de orientación, así como, de informar aos seus pais ou responsables sobre o seu progreso na aprendizaxe específica da lingua e a súa integración na vida do centro.

### 6.16 GRUPOS DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR

Son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular, de xeito que posibilite a súa plena incorporación as actividades de aprendizaxe ao curso no que se atope escolarizado.

Está dirixida, polo tanto, ao alumnado que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.

A permanencia nun destes grupos será nunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo cos materias de carácter instrumental, podéndose estender ao longo de todo o curso escolar. O horario semanal máximo de permanencia nestes grupos é de 10 períodos lectivos.

O profesorado da adaptación da competencia curricular participará nas sesións de avaliación que corresponda ata, se é o caso, a súa integración plena ao grupo ordinario.

O titor ou titora do grupo de referencia establecerá a coordinación entre o profesorado deste grupo ordinario e o do grupo de adaptación da competencia curricular, especialmente no relativo aos aspectos de tipo metodolóxico, programación de actividades docentes e o establecemento dos criterios de avaliación. Así mesmo, é o encargado de informar aos seus pais ou responsables sobre o seus progresos na superación do desfase curricular e a súa integración na vida do centro.

### 6.17 ESCOLARIZACIÓN COMBINADA

Adoptada en casos de alumnado xordo que comparte escolarización no CEE Nosa Señora do Rosario e no IES Ramón Otero Pedrayo. Este alumnado pertencerá administrativamente ao centro que se determine na resolución da Xefatura Territorial, preceptiva para este tipo de escolarización.

Deberase coordinar os procesos de planificación da atención e de avaliación deste alumnado. En xeral cursan no instituto as materias de Educación física, Educación plástica e visual e Tecnoloxía, nas que se contará co apoio dun profesor ou profesora de apoio do CEE Nosa Señora do Rosario.

## 7. ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO

Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

### 7.1 ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de **discapacidade** ou **trastornos graves da conduta**.

Para que este alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa, poderanse realizar **adaptacións curriculares** que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación do currículo.

Estas adaptacións curriculares, que estarán precedidas en todo caso dunha avaliación das necesidades educativas especiais do alumnado e a conseguinte proposta curricular específica, realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades da alumna ou alumno; a avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas adaptacións.

Sen prexuízo das repeticións de curso previstas no artigo 12º.9 do Decreto 133/2007, a escolarización deste alumnado na educación secundaria obrigatoria poderase **prolongar un ano** máis, (non máis alá do ano natural no que cumpra dezanove anos) sempre que iso favoreza a obtención do título correspondente, de graduado en educación secundaria.

A escolarización deste alumnado en unidades o centros de educación especial, poderá estenderse ata os vinte e un anos, só se levará a cabo cando a súas necesidades non poidan ser atendidas no marco das medidas de atención á diversidade dos centros ordinarios.

### 7.2 ALUMNADO CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE

Considérase que unha alumna ou un alumno presenta dificultades específicas de aprendizaxe cando o seu rendemento en relación á adquisición e uso dunha ou varias das capacidades de comprensión e expresión oral, lectura, escritura, razoamento e cálculo matemático é significativamente discrepante co seu potencial de aprendizaxe.

Para que este alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa, poderanse aplicar medidas de **reforzo e apoio educativo**, e organizar **desdobramentos**, a **integración de materias en ámbitos** ou **agrupamentos flexibles**.

### 7.3 ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS

Unha alumna ou un alumno presenta altas capacidades intelectuais cando manexa e relaciona, de maneira simultánea e eficaz, nun nivel sensiblemente superior á media, recursos cognitivos verbais,

numéricos, lóxicos, memorísticos, espaciais e creativos. Considérase talentoso o alumnado que destaca especialmente e de maneira excepcional no manexo dun ou varios destes recursos.

Considérase alumnado con sobredotación intelectual cando amosa as seguintes características: unha capacidade intelectual moi superior á esperada para a súa idade, unha alta creatividade e un alto grao de motivación e perseveranza.

A sobredotación intelectual dun alumno ou alumna deberá ser acreditada mediante a avaliación psicopedagóxica correspondente.

Como consecuencia da redución do tempo de escolarización nas etapas anteriores, poderíase incorporar á educación secundaria no ano natural no que cumpra dez anos de idade.

Poderase **reducir un ano** a escolarización na educación secundaria obrigatoria cando, na avaliación psicopedagóxica, se prevea que dita medida é a máis axeitada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e da súa inserción social, e que globalmente ten adquiridos os obxectivos do ciclo ou curso que lle corresponde cursar.

A decisión de reducir o período de escolarización obrigatoria irá acompañada das pertinentes medidas curriculares que fagan posible que a flexibilización do período escolar non se limite a un simple adianto de curso.

Tanto a decisión de reducir o período de escolarización obrigatoria como as medidas curriculares que a acompañen estarán suxeitas a un proceso continuado de avaliación, podendo anularse tal decisión cando o alumno non alcance os obxectivos propostos. Do mesmo xeito, esta anulación terá tamén carácter reversible.

As **adaptacións curriculares** que se realicen para estes alumnos promoverán o desenvolvemento pleno e equilibrado das capacidades establecidas nos obxectivos xerais da educación obrigatoria. A adaptación do currículo para alumnos e alumnas con sobredotación intelectual poderá considerar que se curse no nivel inmediatamente superior unha ou varias áreas ou materias, optativas ou non, cando se valore que o seu rendemento nelas é alto e continuado e que teñen adquiridos os obxectivos que para elas se establecen no ciclo ou nivel que lles corresponde cursar.

Igualmente, poderanse utilizar **fórmulas flexibles de organización grupal** que faciliten a incorporación deste tipo de alumnos a grupos de diferente nivel de competencia curricular ó que lle corresponde por idade.

A avaliación das aprendizaxes destes alumnos naquelas áreas ou materias que foran obxecto de adaptacións curriculares efectuarase tomando como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados para eles.

#### 7.4 ALUMNADO CON INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO

A chegada de poboación de orixe estranxeira, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias, está a incidir notablemente na evolución da diversidade na nosa poboación escolar, de xeito que proporcionar unha resposta educativa a este alumnado convértese nunha liña prioritaria de actuación.

O obxectivo último é a normalización da súa situación escolar en canto sexa posible, polo que deberanse escolarizar no momento da súa chegada, sen necesidade de esperar ao inicio do novo curso.

A escolarización do alumnado que se incorpora tardiamente ao sistema educativo realizarase atendendo ás súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico.

Considérase alumnado obxecto de medidas de atención específica aquel que, tendo unha idade comprendida nos límites da escolarización obrigatoria, presente algunha das seguintes circunstancias:

- a) Descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia.

- b) Desfase curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.
- c) Graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais ou culturais.

A determinación das necesidades de cada alumno e cada alumna realizarase a través dunha **avaliación inicial** no momento da escolarización e do **informe** do departamento de orientación. A miúdo o alumnado procedente do estranxeiro só precisa dunha adaptación á nova situación.

Os plans de orientación de acción tutorial recollen accións deseñadas especificamente para o alumnado procedente do estranxeiro, entre as que inclúen o **plan de acollida** así como medidas de seguimento do seu proceso de integración escolar por parte do profesor tutor.

Adoptaranse cantas medidas se consideren necesarias para proporcionar a debida atención educativa, de tipo curricular e/ou organizativo, podendo ir dende o **reforzo educativo, adaptacións curriculares, flexibilización** ao desenvolvemento mediante agrupamentos flexibles de grupos de **adquisición das linguas** ou de **adaptación da competencia curricular**.

Seguirán, en todo caso, un programa específico personalizado, en función das necesidades determinadas pola avaliación inicial, e ata que o seu progreso na súa competencia curricular así o aconselle.

O alumnado que presente un **desfase no seu nivel de competencia curricular** de dous ou máis anos, poderán ser escolarizados nun curso inferior ao que lles correspondería por idade, sempre que a dita escolarización lles permita completar a etapa nos límites de idade establecidos con carácter xeral, adoptándose as medidas de reforzo educativo máis adecuadas para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do desfase curricular e para que lles permitan continuar con aproveitamento os seus estudos. No suposto anterior o centro poderá solicitar á Xefatura Territorial a incorporación do alumno ou alumna a un ou dous cursos inferiores ao que lle corresponde por idade. A solicitude asinada polo director/a do centro irá acompañada do informe do tutor ou titora especificando o nivel de competencia curricular, do informe elaborado polo orientador/a do centro coas medidas de reforzo que se van a aplicar para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase escolar e da conformidade dos pais ou tutores legais coa medida proposta.

As alumnas e alumnos que en virtude desta escolarización non puidesen completar a etapa nos límites de idade establecidos con carácter xeral poderán continuar estudos nas ensinanzas de persoas adultas.

## 7.5 ALUMNADO CON CONDICIÓNS PERSOAIS OU DE HISTORIAL ESCOLAR MOI DESFAVORABLES

Un alumno ou alumna presenta necesidades específicas de apoio educativo derivada de condicións persoais ou de historia escolar cando, manifesta dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias, por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables, por escolarización desaxustada ou pola combinación de varios dos motivos mencionados.

Entre este alumnado inclúese aquel que presenta un retraso escolar significativo nunha ou en varias áreas ou materias, cun desfase curricular xeral de dous ou máis cursos ou niveis, e este non poida explicarse por necesidades educativas especiais, nin por dificultades específicas de aprendizaxe, nin por incorporación tardía ao sistema educativo.

Entre este alumnado podemos considerar:

1. Alumnado en situación de absentismo, abandono escolar temperán e/ou desescolarización.
2. Alumnado que precisa atención educativa hospitalaria e domiciliaria.
3. Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.
4. Alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
5. Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.

6. Alumnado pertencente a familias itinerantes.
7. Atención educativa a xoves embarazadas.

A consellería desenvolve accións e medidas de carácter compensatorio para este alumnado, para asegurar o seu acceso e permanencia no sistema educativo. Ben con plans ou programas propios ou mediante a subscrición de convenios de colaboración e protocolos de actuación con outras administracións ou entidades sen ánimo de lucro, co fin de garantir o cumprimento destas medidas.

### 7.6 **ESCOLARIZACIÓN IRREGULAR, ABSENTISMO, ABANDONO ESCOLAR E DESESCOLARIZACIÓN**

Dentro desta temática podemos considerar as seguintes definicións:

- **Escolarización irregular:** situación na que a asistencia do alumnado ao centro escolar non é continuada.
- **Absentismo:** escolarización irregular do alumnado en idade de escolarización obrigatoria sen causa debidamente xustificada. Esta ausencia ao centro escolar suporá, cando menos, un dez por cento (10%) do horario lectivo mensual.
- **Abandono escolar temperán:** situación daquel alumnado que, podendo seguir escolarizado por idade, abandona o sistema educativo sen a obtención da titulación correspondente.
- **Desescolarización:** situación na que persoas en idade de escolarización obrigatoria non se atopan matriculadas en ningún centro educativo.

Mecanismos de prevención, seguimento e control:

O centro establece, nas súas normas de organización e funcionamento, os procedementos para a aplicación dos protocolos das actuacións que corresponda ante situacións de desescolarización, escolarización irregular, absentismo e/ou abandono escolar temperán; recollendo como mínimo:

- Control e rexistro das incidencias na asistencia do alumnado ao centro.
- Información ás nais, pais ou titores legais do alumnado e intervención ante a detección de casos.
- Se procede o traslado da información á inspección educativa e/ou a outras administracións, entidades ou poderes públicos, con competencias nestes asuntos.

### 7.7 **ATENCIÓN EDUCATIVA HOSPITALARIA E DOMICILIARIA**

A atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria terán por finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos e que, por prescrición facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo.

Será destinatario de **atención educativa hospitalaria** o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

- **Longa hospitalización:** máis de trinta días.
- **Media hospitalización:** entre quince e trinta días.
- **Curta hospitalización:** menos de quince días.

O alumnado de **longa e media hospitalización** será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral. Todo isto conforme aos convenios cos centros hospitalarios que estableza a Consellería para garantir, cando proceda, a atención educativa do alumnado hospitalizado neles.

Será destinatario de **atención educativa domiciliaria** o alumnado que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.

A autorización da atención educativa domiciliaria correspóndelle á administración educativa. A consellería determinará os recursos específicos que garantan a continuidade do proceso educativo do alumnado que precise atención educativa hospitalaria ou domiciliaria, así como os criterios e procedementos para a súa atención e a coordinación interprofesional.

## 7.8 **OUTRAS SITUACIÓNS MOI DESFAVORABLES.**

### **Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal**

A escolarización do alumnado menor de idade ao que, por decisión xudicial, se lle impoñan medidas que afectan á súa escolarización realizarase de acordo co establecido no artigo único, apartado cuarto, da Lei orgánica 8/2006, do 4 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. En todo caso, respectarase o dereito á educación do alumnado en idade de escolarización obrigatoria.

### **Alumnado sometido a medidas de protección e tutela**

A escolarización do alumnado sometido a medidas de protección e tutela realizarase de conformidade co procedemento establecido con carácter xeral, sendo considerado este alumnado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar desfavorables. Os centros docentes deben adoptar as medidas de atención á diversidade que procedan, para asegurar o seu proceso educativo.

Garantirase ao alumnado asignado a familias acolledoras unha praza escolar no centro educativo no que se escolarice outro alumnado dependente desas mesmas familias, fillas ou fillos ou outro alumnado acollido, sempre que no centro se impartan as ensinanzas que lle corresponde cursar.

Cando as medidas de protección e tutela supoñan un cambio de centro escolar a súa tramitación e resolución levarase a cabo coa máxima inmediatez.

### **Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar**

Dentro do ámbito competencial educativo e de acordo co establecido na Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, garantirase a escolarización inmediata do alumnado que se vexa afectado por cambios de centro derivados de situacións de violencia de xénero. Así mesmo, o centro educativo prestará atención especial á inclusión e normalización do devandito alumnado.

Nos casos en que sexa necesario un cambio de centro por motivos de violencia ou acoso escolar, garantirase a escolarización inmediata do alumnado afectado.

## **8. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN DAS MEDIDAS E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS**

Para a organización das medidas propostas e a distribución dos recursos, destinados a atención da diversidade en cada curso, establécense os seguintes criterios de prelación:

1. Optativas e itinerarios. Para atender ás demandas e intereses do maior número de alumnos/as, respectarase, en todo caso, o mínimo de 10 alumnos/as por grupo.
2. Ensinanzas de relixión. Constituiranse o menor número de grupos posibles; respectarase, en todo caso, o mínimos de 5 alumnos/as por grupo.

3. Adaptacións curriculares significativas co apoio educativo do profesorado de PT nas materias instrumentais e completando co apoio doutros profesionais.
4. Grupos de adquisición das linguas e de adaptación da competencia curricular constituídos ao inicio do curso.
5. Atención e apoio ao alumnado con exención da 2ª lingua estranxeira de modo simultáneo a esta.
6. Grupos específicos en 1º e 2º curso, de seren propostos, configurados mediante agrupamentos flexibles que incluirán necesariamente as materias instrumentais.
7. Alternativamente ao anterior, aplicaranse reforzos nas materias das linguas e matemáticas de 1º e 2º curso, mediante agrupamentos flexibles ou desdobramentos.
8. Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.
9. Programa de recuperación das materias pendentes, tendo en conta, entre outras circunstancias, o maior nº de alumnos. (horario de tarde)
10. Desdobres dunha hora semanal para conversación da 1ª lingua estranxeira.
11. Asignación de gardas para a atención da aula de estudo e convivencia.
12. Desdobres dunha hora semanal para realización de prácticas de laboratorio en 4º curso.
13. Programa de enriquecemento curricular.

## **9. ACTUACIONES E RESPONSABLES EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS NO PLAN**

Funcións, competencias e responsabilidades dos distintos profesionais implicados no desenvolvemento das medidas contempladas no plan.

### **Dirección**

- Elevar ao consello escolar, por proposta do claustro do profesorado, o plan xeral de atención á diversidade, para a súa aprobación e posterior incorporación ao PEC.
- Desenvolvemento, seguimento e avaliación do PXAD.
- Incorporar a concreción anual do PXAD á PXA, velando polo seu cumprimento, avaliación e memoria.
- Solicitar a intervención dos servizos de EOE e tramitar as solicitudes feitas polo DO.
- Autorización e/ou tramitar, segundo corresponda, as solicitudes de aplicación das medidas extraordinarias de atención á diversidade que se propoñan.

### **Xefatura de estudos**

- Organización dos grupos, coa colaboración do equipo directivo.
- Coordinación co CEE Nosa Señora do Rosario, en todo o referente a xestión de horarios, o control de asistencia e a avaliación do alumnado escolarizado en ambos centros.
- Organización xeral das medidas e distribución dos recursos asignados, en colaboración co resto do equipo directivo e conforme ás propostas da CCP e acordos do claustro, en particular, respecto da elaboración de horarios.
- Coordinación das titorías para a organización, aplicación, seguimento e avaliación das medidas de atención á diversidade.
- Coordinación dos protocolos de incorporación a PMAR ou FPB.

### **Departamento de orientación**

## Plan xeral de atención á diversidade

- Elaboración da **concreción anual** do PXAD.
- Elaboración do **plan de acollida** e incorporación do mesmo ao plan de orientación e ao PAT.
- Coordinación cos CEIP adscritos; con especial atención ao traspaso de información do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e o plan de acollida que se desenvolva.
- Diseñar acción encamiñadas á identificación temperá e a prevención de necesidades educativas, derivadas de trastornos xeneralizados do desenvolvemento, problemas de conduta, dificultades de aprendizaxe e altas capacidades.
- Valorar ao alumnado que, a xuízo do equipo de profesores, presente dificultades graves de aprendizaxe ou moi escaso rendemento académico.
- Asesorar ao equipo directivo sobre a idoneidade e/ou a conveniencia da aplicación de medidas extraordinarias, e todo o relacionado coa súa posta en funcionamento.
- Asesorar aos departamentos didácticos no deseño das medidas de atención á diversidade.
- Elaborar a concreción, seguimento e avaliación das **medidas de apoio** educativo.
- Colaborar cos titores/as no coñecemento da estrutura e **dinámica do grupo**.
- Proporcionar orientacións metodolóxicas ao profesorado, para o traballo en grupos de apoio, específicos, de diversificación curricular e tamén en grupos heteroxéneos.
- Orientacións ao profesorado sobre a abordaxe de **condutas disruptivas** dentro da aula e sobre o funcionamento e o procedemento de derivación á aula de atención educativa e convivencia.
- Coordinar o deseño e desenvolvemento dos programas de **habilidades sociais** e de **resolución pacífica de conflitos**.
- Promover medidas tendentes á diminución do absentismo escolar e do abandono temperá dos estudos.
- Promover a colaboración entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, á construción do autoconcepto e da autoestima e no proceso de toma de decisións.
- Asesorar ao alumnado sobre as opcións e itinerarios axeitados aos seus intereses, de xeito que lle permita elixir responsablemente.

**Orientador/a**

- Diseñar e elaborar os protocolos de demanda de avaliación psicopedagóxica.
- Realizar as avaliacións e informes psicopedagóxicos do alumnado que se considere e/ou que solicite algún titor/a por proposta do equipo de profesores.
- Facer o seguimento do alumnado con informe psicopedagóxico.
- Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.
- Proposta á dirección sobre a conveniencia da intervención doutros servizos externos ao centro, EOE ou outros organismos e institución cos que existan convenios ou acordos de colaboración na atención a discapacitados.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito da súa competencia.
- Participar na aplicación dos protocolos de absentismo e de solicitude da intervención dos servizos sociais nos casos que corresponda.
- Informar sobre as propostas de incorporación a PMAR ou FPB, previa entrevista as familias.

## Plan xeral de atención á diversidade

- Elevar á xefatura de estudos a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidades educativas específicas de apoio.
- Asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.
- Coordinar as accións do profesorado de apoio, a atención a este alumnado.
- Coordinar a organización das aulas específicas de apoio e/ou de atención á diversidade.
- Adquirir o material e equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.

**Profesor de PT**

- Colaborar co desenvolvemento das avaliacións da competencia curricular.
- Colaborar cos departamentos didácticos na elaboración, seguimento e avaliación das propostas individualizadas de adaptación curricular significativa e/ou outras medidas de apoio.
- Desenvolver as medidas de apoio en colaboración co profesorado das áreas.
- Participar na avaliación e promoción do alumnado con medidas de apoio.
- Colaborar cos titores, destes alumnos, na orientación e asesoramento familiar.

**Departamentos didácticos** (referido as áreas e materias da súa competencia)

- Elaborar as probas de avaliacións da competencia curricular.
- Elaborar as probas de competencia lingüística para alumnado estranxeiro (dep. de linguas)
- Atención ao alumnado con materias pendentes.
- Elaborar, se é o caso, os programas de reforzo e/ou de recuperación.
- Elaborar e aplicar os programas específicos. (profesorado)
- Elaborar as propostas curriculares do alumnado con ACS.
- Elaborar ou concretar o material de apoio, reforzo e ampliación. (profesorado)
- Establecer o perfil ou criterio do alumnado a incorporar aos agrupamentos flexibles.

**Profesorado titor**

- Coñecer individualizado a cada alumno/a, motivación, intereses, hábitos de estudo, etc.
- Recollida de información individualizada sobre a competencia curricular e medidas de atención á diversidade.
- Procurar a colaboración das familias a partires do seu coñecemento e do seu potencial educativo.
- Coñecer, coa colaboración do departamento de orientación, da estrutura e dinámica do grupo.
- Colaborar coas familias do alumnado que estea a desenvolver programas específicos.
- Asesorar ao alumnado e as familias na organización e planificación dos estudos.
- Coordinar aos profesionais implicados no deseño, aplicación, seguimento e avaliación das medidas de atención á diversidade.
- Manter informados as nais, pais ou titores legais dos alumnos, da aplicación e desenvolvemento das medidas de atención á diversidade.
- Rexistrar e informar das actuacións individualizadas e grupais.
- Incorporar as medidas aplicadas e a súa valoración aos informes individualizados do alumnado e o seu tratamento informático.
- Solicitar ao D.O. as avaliación psicopedagóxica que propoña o equipo de profesores.

- Elaborar xuntamente co D.O. e a X.E. dos informes e proposta de incorporación a un PDC.
- Elaborar do informe de competencia lingüística para alumnado estranxeiro coa colaboración dos departamentos de lingua e o asesoramento do departamento de orientación.

## **10. COORDINACIÓN INTERNA E COS CENTROS ADSCRITOS**

Mecanismos de coordinación e colaboración internos así como cos centros adscritos ao instituto.

### **10.1 ACOLLIDA DE ALUMNOS PROCEDENTES DOS CENTROS ADSCRITOS**

Obxectivo.- Facilitar a transición entre etapas, do alumnado dos centros adscritos ao instituto.

Accións.- Visitas ao instituto dos grupos de 6º curso coas titoras ou titores e recepción de nais e pais.

Temporalización.- Febreiro ou marzo e comezos de curso.

Responsables.- Equipo directivo, orientación, titores/as de 6º EP e titores de 1ºESO.

### **10.2 RECOLLIDA DE INFORMACIÓN INDIVIDUALIZADA**

Obxectivo.- Coñecemento individualizado de cada alumno/a, con especial atención a súa competencia curricular e á detección temperá das necesidades educativas particulares.

Accións.- Revisión e análise dos expedientes do alumnado, historiais, informes finais individualizados do curso/etapa anterior e/ou informes por traslado e, de selo caso, dos informes psicopedagóxicos.

Temporalización.- Xullo e setembro.

Responsables.- Equipo directivo, orientación e titores/as.

### **10.3 POSTA EN COMÚN DA INFORMACIÓN RECOLLIDA**

Obxectivo.- Garantir o traspaso efectivo da información.

Accións.- Reunión para completar información e/ou aclarar aspectos da mesma dos historiais e informes finais individualizados etapa anterior.

Temporalización.- Xullo ou setembro.

Responsables.- Xefatura de estudos e titores/as de 6º EP e 1º ESO.

### **10.4 DETECCIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO**

Obxectivo.- Coñecemento individualizado de cada alumno/a con necesidades educativas específicas.

Accións.- Revisión e análise dos informes psicopedagóxicos expedientes do alumnado e dos seus historiais, informes finais individualizados da etapa ou curso anterior e/ou informes por traslado.

Reunións de coordinación cos responsables dos departamentos de orientación dos centros adscritos, para aclarar extremos dos informes anteriores.

Avaliación psicopedagóxica.- Para a identificación das necesidades específicas de apoio educativo. Recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do contexto escolar, do contorno familiar e dos elementos que interveñen no proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Informes psicopedagóxicos.- Resultados da avaliación psicopedagóxica que recolla a situación evolutiva e educativa da alumna ou alumno, coa concreción das súas necesidades educativas, as orientacións curriculares, a proposta de escolarización, a determinación das axudas necesarias e o procedemento para a revisión e actualización do propio informe.

Ditame de escolarización.- No caso de que se estimen necesarios recursos extraordinarios de atención educativa ou ben unha modalidade de escolarización distinta da ordinaria. Recollerá as conclusións da avaliación psicopedagóxica, as orientacións sobre a proposta curricular axeitada e, de ser o caso, sobre os recursos necesarios, a proposta de escolarización e a opinión dos pais ou tutores legais.

Temporalización.- Xullo e setembro ou no momento da incorporación ao centro.

Responsables.- Departamento de orientación e orientador/a.

### 10.5 ORGANIZACIÓN DOS GRUPOS

Obxectivo.- Configuración de grupos heteroxéneos para a aplicación das MAD con un enfoque de inclusión e non discriminación, e propicios para o fomento de actitudes tolerantes e solidarias.

Metodoloxía.- Equilibrio entre grupos da competencia curricular, alumnado con necesidades de apoio educativo, alumnado que repite e/ou que promove con materias non superadas, con problemas de conduta, alumnos e alumnas e conforme aos criterios que fixe o claustro, ademais, de selo caso, da necesidade de coordinación de horarios respecto aos grupos de referencia, dos grupos específicos e programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento.

En 3º e 4º cursos, ademais dos criterios anteriores, consideraranse as necesidades de coordinación de horarios para o agrupamento das materias optativas e a xestión dos itinerarios educativos.

Temporalización.- Xullo e comezos de setembro.

Responsable.- Equipo directivo.

### 10.6 ORGANIZACIÓN DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Obxectivo.- Asignación de recursos conforme aos criterios sinalados no punto sétimo.

Accións.- Comunicación aos departamentos das medidas de atención á diversidade asignadas.

Elaboración polos departamentos das medidas da súa competencia.

Comunicación aos tutores do alumnado con medidas de atención á diversidade.

Coordinación entre os profesionais implicados no deseño e aplicación de medidas extraordinarias.

Temporalización.- Comezos de setembro e ao longo do curso.

Responsables.- Xefatura de estudos, departamentos didácticos e de orientación e tutores/as.

### 10.7 SEGUIMIENTO E APLICACIÓN POLO EQUIPO EDUCATIVO

#### **Avaliación inicial.**

Proposta de axuste das medidas de atención á diversidade previstas.

Proposta de organización dos apoios específicos.

Elaboración dos informes iniciais.

#### **Avaliación continua.**

Seguimento das medidas de atención á diversidade aplicadas e, se é o caso, propostas de axuste.

Seguimento individualizado do alumnado con dificultades de organización e planificación.

Seguimento da colaboración das familias do alumnado con programas específicos.

Elaboración de información relevante para as familias. Eficacia das medidas aplicadas e axustes das mesmas, situación de abandono de materias e/ou de absentismo, etc.

#### **Avaliación final.**

Valoración das medidas de atención á diversidade aplicadas.

Elaboración dos consellos orientadores e demais informes finais que corresponda.

Proposta de medidas de atención á diversidade para o próximo curso.

Reunión conxunta dos titores, orientación e xefatura de estudos para elaborar a proposta de alumnos a incorporar a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendimento.

## 11. COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

As nais, pais ou titores legais do alumnado deberan compartir o esforzo educativo, participando e colaborando, nos termos legalmente establecidos, nas decisións que afecten á escolarización e aos procesos educativos dos seus fillos. Neste sentido, correspóndelles responsabilizarse de:

- Manifestar, ao inicio de cada curso, a súa vontade de que reciba ou non ensinanzas de relixión.
- Facilitar a información relevante para a escolarización axeitada dos seus pupilos.
- Colaborar no proceso de avaliacións inicial así como no das posibles avaliacións psicopedagóxica nos termos que estableza a consellería de educación.
- Seguir os resultados académicos e aproveitamento dos estudos, asinando os informes de avaliación e, se é o caso, do seu progreso na aprendizaxe da lingua e/ou de superación do desfase curricular.
- Asinar, en cada ocasión que ocorra, as notificacións do profesorado e/ou do titor/a sobre a remisión á aula de atención educativa e convivencia e a incidencia que o motivou, implicándose no desenvolvemento das accións propostas polos programas de habilidades sociais que así o requiran.
- Dar a súa opinión sobre a exención da segunda lingua estranxeira.
- Coñecer a aplicación e desenvolvemento de medidas ordinarias de: adecuación do currículo, reforzo, apoio, e/ou programas específicos personalizados; asinando as comunicacións do titor e apoiando na medida das súas posibilidades.
- De ser o caso, acudir á audiencia para informarlles e coñecer a súa opinión sobre a proposta de medidas extraordinarias: adaptación do currículo, flexibilización, incorporación a un PMAR ou á FPB.

O centro promoverá a implicación das nais, pais ou titores legais do alumnado, en todas aquelas medidas destinadas ao desenvolvemento integral do alumnado, particularmente nos ámbitos de: mellora da autonomía, esforzo, autoestima, participación e convivencia.

O centro promoverá a posta en marcha de programas familia-escola e/ou medidas encamiñadas á información e asesoramento ás familias no seu labor educativo e a facilitar a comunicación co profesorado e que potencien a participación na vida do centro.

Na PXA recolleranse de modo explícito, os horarios de titoría e de orientación e dirección para a atención a nais e pais de alumnos e procurarase a súa publicación na web do centro.

En canto á colaboración con servizos externos ao centro, compre salientar:

### **EOE (Equipo de Orientación Específico de A Coruña)**

R/ Pepín Rivero, Nº 3, 3º andar

15011 - A Coruña

Tfno.: 981 251 466 - 981 251403 ; Fax: 981 251 402

[oe.coruna@edu.xunta.es](mailto:oe.coruna@edu.xunta.es)

### **USM e Aula Hospitalaria do CHUAC - Centro Materno Infantil "Teresa Herrera"**

Avda. da Pasaxe s/n

15006 - A Coruña

Tfno.: 981 178 000- escola Ext.26124

[ah.juancanalejo@edu.xunta.es](mailto:ah.juancanalejo@edu.xunta.es)

Colaborarase, na medida que corresponda, con aquelas institucións, organismos e asociacións, que teñan subscrito algún acordo ou convenio de colaboración coa Consellería de Educación para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, particularmente para o alumnado con algunha discapacidade e trastorno xeneralizado do desenvolvemento.

## 12. SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Avaliación psicopedagóxica. Abondará con que o titor/a traslade ao responsable do departamento de orientación a petición razoada do equipo de profesores.

Intervención do equipo de orientación específico. Utilizarase o formulario disposto para tal fin.

Para a solicitude e autorización das medidas extraordinarias seguiranse os procedementos que estableza a lexislación correspondente, en liñas xerais, actuarase de acordo ao seguintes protocolos:

### 12.1 ACS, AGRUPAMENTOS, APOIO E FLEXIBILIZACIÓN

1. **Informe individualizado**, elaborado polo/a titor/a a resultados de calquera proceso avaliador, particularmente das avaliacións inicial e final, que recolla a opinión do profesorado sobre as deficiencias observadas nas diferentes materias e a proposta inicial da aplicación dalgunha destas medidas extraordinarias.
2. **Informe da xefatura do departamento de orientación**, incluíndo as conclusións da avaliación psicopedagóxica coa determinación das necesidades e as orientación didácticas.
3. **Reunión** da xefatura de estudos, titor/a, orientador/a, o profesorado que imparte ás áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica, para decidir a conveniencia, ou non, da ACS ou doutras medidas.
4. **Remisión da proposta** ao servizo de inspección educativa para o seu informe e autorización.
5. **Avaliación**, ao finalizar o curso no que se aplicou alguna medida extraordinaria, o titor/a, xunto co profesorado implicado no desenvolvemento das mesmas, valorará a eficacia das mesmas e da necesidade de continuar ca súa aplicación o doutras actuacións de cara ao curso seguinte.

### 12.2 PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO

1. **Informe individualizado**, elaborado polo/a titor/a, que exprese a proposta razoada do equipo de profesores do grupo e que trasladará ao DO. Nel constará a competencia curricular en cada materia, as dificultades de aprendizaxe presentadas, as medidas de atención á diversidade aplicadas e os motivos polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno se integre nun PMAR.
2. **Reunión** da persoa titora ou orientadora, co alumno/a e cos seus pais/nais/titores legais, para formularlles a conveniencia da súa incorporación a un PMAR.
3. **Informe da xefatura do departamento de orientación**, incluíndo as conclusións da avaliación psicopedagóxica e o resultado das reunións co profesorado titor, co alumno/a e cos seus pais ou representantes legais.
4. **Acordo da comisión de valoración** (X.E., Orientador/a e Titor/a) para valorar os informes anteriores e as opinións do/a alumno/a e os seus pais ou representantes legais, realizando unha proposta ao director sobre a incorporación ao PMAR.
5. **Envío da proposta** ao servizo territorial de Inspección Educativa para a súa autorización. (antes do 5 setembro)

6. **Autorización expresa do servizo territorial** de Inspección Educativa para desenvolver os PDC PMAR (antes do comezo do curso)

### 12.3 PROGRAMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

1. **Reunión** do equipo docente dos grupos con alumnado susceptible de se incorporar ás ensinanzas de FPB xunto co xefe do DO onde se analice a situación escolar do alumnado en risco de non alcanzar o título de graduado en ESO. Establecerase unha **relación** de alumnado, asinada polo equipo docente e o xefe do DO
2. **Consello orientador** elaborado polo/a titor/a coa axuda do orientador, emitido por duplicado e asinado por ambos, no que constará o grao de consecución dos obxectivos a adquisición das competencias que xustifican a proposta, as dificultades de aprendizaxe presentadas, as medidas de atención á diversidade aplicadas e os motivos razoados polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno se integre nun ciclo de FPB.
3. **Reunión** da persoa ou orientadora, co alumno/a e cos sesu pais/nais/titores legais, para informalos das características xerais e das finalidades destes ciclos, para achegar o consello orientador e o documento para recabar o seu consentimento.
4. **Comunicación ao pais/representantes legais** por parte da dirección da incorporación á FPB.

## 13. AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PLAN

O seguimento e avaliación dos diferentes plans e/ou programas que se leven a cabo, constituirán os procesos básicos no axuste e na mellora da atención á diversidade. Todos eles establecerán o procedemento, a temporalización, os indicadores e as persoas responsables deses procesos.

As persoas e/ou equipos responsables da elaboración dos diferentes plans e/ou programas, deberán deseñar os instrumentos adecuados para a recollida de información dos diferentes sectores implicados, que deberán contemplar tanto aspectos de tipo cuantitativo e obxectivo como cualitativo.

Contemplantase, en todo caso, o número de actuacións e a eficacia das medidas aplicadas, o grao de satisfacción do alumnado e familias con ditas medidas e/ou programas, e a opinión dos titores sobre o seu desenvolvemento e grao de implicación do alumnado e das familias no seu seguimento. De todo o que se deducirá o grao de cumprimento dos obxectivos propostos polo plan.

Os resultados da avaliación incluíranse na memoria final de curso, de modo que servirán para definir os pasos de mellora a seguir no curso seguinte.

Corresponde á CCP, ao inicio do curso académico, realizar ás modificacións do PXAD, de acordo coas propostas e conclusións recollidas no informe de avaliación realizado no curso académico anterior.